



CIRCULAR INFORMATIVA

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR CURSO 2022-2023

ORDE do 29 de abril de 2022 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2022/2023 (código de procedemento ED330B) (Diario Oficial de Galicia do 18 de maio de 2022).

Os requisitos e termos da convocatoria poden consultarse no Diario Oficial de Galicia, no enlace web: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220518/AnuncioG0598-020522-0001_es.html

Tamén poden consúltalo na páxina web do colexio.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA:

- a) Axudas para adquirir libros de texto. Alumnado matriculado en 1º e 2º de primaria.
- b) Fondo solidario de libros de texto. Alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de primaria e en 1º, 2º, 3º e 4º da E.S.O. (deben presentar a solicitude no centro no que reservaron praza para o curso 22-23).
- c) Axudas para adquirir material escolar. Alumnado matriculado en educación primaria, E.S.O. e EE.

a) Axudas Libros de texto:

A contía da axuda para adquirir libros de texto de 1º e 2º de EP será a seguinte:

- Renda per cápita familiar inferior ou igual a 6.000€: 210€
- Renda per cápita familiar superior a 6.000€ e inferior a 10.000,00€: 140€

b) Fondo solidario de libros:

A asignación de libros de texto correspondente aos cursos de 3º, 4º, 5º e 6º de E.P. farase por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar do alumnado que participe no fondo solidario, ata esgotar as existencias.

De darse o caso de non alcanzar os libros dispoñibles no fondo solidario para dar unha cobertura igual á que se presta en función da renda nos cursos cubertos pola convocatoria de axudas, o centro adquirirá os libros complementarios que sexa necesario.

O obxectivo é garantir que o alumnado con renda per cápita inferior ou igual a 6.000€ euros teña garantido o acceso a 6 libros, e que o que teña renda per cápita entre 6.000€ e 10.000€ euros, acceda a 4 libros.

c) Axuda Material Escolar:

Os destinatarios das axudas para material escolar son todo o alumnado matriculado en educación primaria, E.S.O. e EE con renda per cápita familiar inferior ou igual a 6.000€, e a contía da axuda será de 50 €.

2. REQUISITOS:

Estar matriculado en educación primaria durante o curso escolar 2021/2022 e cumprir os umbrais de renda per cápita familiar especificados anteriormente, tendo en conta a renda do ano 2020.

Será requisito fundamental para acceder ao fondo solidario, ou recibir as axudas para libros ou material escolar, ter devolto os libros, ben utilizados do mesmo fondo o ano pasado, ben adquiridos con cargo á convocatoria de axudas para a compra de libros de texto.

3. RENDA PER CÁPITA DA UNIDADE FAMILIAR:

Para os efectos desta orde, a renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do **exercicio fiscal 2020** entre o número de membros computables, tendo en conta que computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual

ou superior ao 33 % ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.

A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Cando presentase declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2020, sumaranse a **base imponible xeral (recadro 435)** e a **base imponible do aforro (recadro 460)**; cando non a presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

4. MEMBROS COMPUTABLES DA UNIDADE FAMILIAR:

Para os efectos desta orde, terán a consideración de membros computables da unidade familiar:

- a) Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.
- b) Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados.
- c) Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- d) Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- e) A persoa proxenitora separada legalmente ou divorciada, cando haxa custodia compartida.
- f) A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/da alumno/a.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

Non terá a consideración de membro computable:

- a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

No caso de que queiran participar nesta convocatoria as solicitudes que acompañan a esta nota deberán vir cubertas e asinadas, e entregaranse en soporte papel no centro en que estea matriculado o alumnado. O prazo de presentación de solicitudes remata o día **22 de xuño do 2022 (incluído)**.

Tamén poderán presentarse vía electrónica na aplicación “fondolibros” (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>) e a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

No caso de que autoricen á Consellería de Educación a consultar os datos da súa solicitude, deberán marcalo, e só deberán entregar no centro fotocopia do libro de familia ou documento acreditativo do número de membros da unidade familiar.

A solicitude será única para todos os fillos que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2022/2023.

6. DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA TRAMITAR A SOLICITUDE:

Deberán entregar no centro: Anexo I e II, copia do libro de familia, **NO CASO DE QUE CAMBIARA CON RELACIÓN AO ANO PASADO**, onde figuren todos os membros computables. Nos casos en que non teñan libro de familia ou este non reflecta a situación en 31 de decembro de 2020, solicitaráselle dende o centro outra documentación.

A DIRECCIÓN